

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN NA DOCENCIA CLÍNICA DO GRAO EN MEDICINA DE PROFESIONAIS DAS DIFERENTES ÁREAS SANITARIAS

REUNIDOS

En Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2023.

Dunha parte, don Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste organismo autónomo, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de Normas Reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, así como co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte don Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, de 17 de marzo, actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades atribuídas no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela.

Recoñecéndose ambas as dúas partes capacidade xurídica suficiente para formalizar e asinar o presente convenio,

EXPOÑEN

Primeiro. Que o 9 de outubro de 2015 asinou se entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, o “Convenio para a colaboración na docencia clínica do grao en Medicina da Universidade de Santiago de Compostela”.

Na primeira cláusula do dito convenio, relativa á “Competencia para a impartición do grao en Medicina” establécese que a Facultade de Medicina da USC será a única que imparta o Grao en Medicina no Sistema Universitario de Galicia (SUG), correspondendo a responsabilidade académica do mesmo aos órganos de goberno e aos departamentos da Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC, que serán os encargados da planificación e organización docente da titulación, sen prexuízo da colaboración das Universidades da Coruña e de Vigo e do Servizo Galego de Saúde na docencia clínica, conforme ao estipulado no devandito convenio.

Así mesmo, na cláusula cuarta do dito convenio, relativa á “Contratación de profesionais sanitarios”, entre outros, establécese que a USC poderá contar, como persoal propio, con profesionais sanitarios dos hospitais universitarios e centros de saúde de Galicia. Este persoal será contratado pola USC, como profesores asociados de ciencias da saúde (PACS), previo proceso selectivo de acordo co previsto no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario.

Segundo. A Universidade de Santiago de Compostela é unha entidade sen ánimo de lucro que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións.

Terceiro. Dende o curso 2015-2016 implantouse o 6º curso do Grao de Medicina, con

materias totalmente prácticas, dirixido aos alumnos que cursaron a totalidade do Grao. Para levar a cabo a dita docencia, dado o elevado número de alumnos, cóntase coa totalidade dos hospitais universitarios do SERGAS, cunha gran aceptación por parte do alumnado.

Para a impartición dunha docencia práctica de calidade das materias de 6º curso do Grao de Medicina, os centros do Servizo Galego de Saúde deben contar cos recursos necesarios para a impartición das distintas materias.

O Servizo Galego de Saúde considera conveniente colaborar coa USC para incorporar á docencia clínica do Grao en Medicina persoal facultativo das diferentes áreas sanitarias. Con este fin, o 16 de abril de 2020 ambas as institucións subscribiron un convenio para a dotación de prazas de profesorado asociado de Ciencias da Saúde en centros hospitalarios das Areas Sanitarias de Pontevedra-O Salnés e Ferrol, e en centros de atención primaria da Área de Santiago-Barbanza.

Finalizada a vixencia do devandito convenio persiste a conveniencia de manter este vínculo de colaboración coa USC para reforzar a docencia clínica do grao en Medicina mediante a dotación de novas prazas de profesorado asociado de Ciencias da Saúde nas diferentes áreas sanitarias que colaboran neste tipo de docencia.

Cuarto. O Servizo Galego de Saúde é consciente de que a participación activa dos profesionais sanitarios destes centros na docencia clínica dos estudantes de Medicina supón un estímulo importante para a súa actualización e formación continuada, o que redundará nunha maior satisfacción dos profesionais e nunha mellor atención aos cidadáns.

Por iso, o Servizo Galego de Saúde considera moi importante que estes centros colaboren coa Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC participando na docencia clínica do Grao de

Medicina.

A través do presente convenio, materialízase a colaboración entre a USC e o Servizo Galego de Saúde, incorporando novas institucións sanitarias nas que se deben impartir ensinanzas universitarias, para os efectos de garantir a docencia práctica de Medicina, Enfermaría e outras ensinanzas que así o esixan, de conformidade co previsto no artigo 126 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

Cómpre ter en conta a concorrência de razóns de interese público e social, así como a especificidade técnica que require a cobertura das prazas docentes para asegurar a mellor formación para os futuros profesionais sanitarios, polo que resulta innegable o interese do Sistema Público de Saúde en contribuír á formación destes.

Quinto. A Lei orgánica 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, no seu artigo 104, estableceu as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e institucións sanitarias, determinando o marco normativo da colaboración entre ambas as institucións mediante a subscripción dos correspondentes concertos para garantir os obxectivos docentes, asistenciais e de investigación.

Este espírito de necesaria colaboración foi recollido tamén na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, que dedica o capítulo I do Título IX á regulación da docencia e formación, incidindo na necesidade de coordinación e colaboración entre as universidades e as institucións sanitarias en materia de educación e sanidade.

Tendo en conta os compromisos adquiridos polas partes asinantes en virtude do convenio asinado o 9 de outubro de 2015, unido ao feito de que se trata de formación regrada impartida exclusivamente en centros docentes do Sistema Universitario de Galicia, o réxime das axudas que se instrumentan a través do presente convenio encádrase no procedemento

de concesión directa regulado nos artigos 19.4c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Conforme ao anterior, o Servizo Galego de Saúde e a USC ACORDAN a sinatura do presente Convenio, que ten por obxecto establecer a colaboración entre ambas as institucións de cara a promover e facilitar a participación de distintos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde na docencia clínica da titulación do Grao de Medicina.

O desenvolvemento deste Convenio rexerase polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto facilitar a participación dos profesionais sanitarios de distintos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde na impartición da docencia clínica en Medicina, para o cal a Universidade de Santiago de Compostela se compromete a ofertar aos alumnos/as do 6º curso do grao en Medicina a realización das materias prácticas de docencia clínica nestes centros, durante a vixencia do presente convenio.

Segunda. Prazas de PACS

De conformidade co obxecto do presente convenio, e co fin de promover a participación dos profesionais sanitarios de distintos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde na impartición da docencia clínica en Medicina, a USC comprométese a posibilitar o acceso daqueles profesionais a través da convocatoria de DEZ (10) prazas de PACS para os cursos académico 2023-2024, 2024-2025 e 2025-2026, que corresponderán ás seguintes áreas e especialidades:

- Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés: unha praza de Anestesioloxía e Reanimación no Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra.
- Área Sanitaria de Vigo: unha praza de Cirurxía Plástica e unha praza de Psiquiatría no Complexo Universitario Hospitalario de Vigo
- Área Sanitaria da Coruña e Cee: unha praza de Medicina Interna e unha praza de Cirurxía Xeral e Dixestiva no Complexo Universitario Hospitalario da Coruña
- Área Sanitaria de Ourense-Verín-O Barco: unha praza de Cirurxía Ortopédica e Traumatolóxica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
- Área Sanitaria de Santiago de Compostela-Barbanza: unha praza de Radiodiagnóstico, unha praza de Cardioloxía, unha praza de Nefroloxía e unha praza de Reumatoloxía no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

A USC levará a cabo as accións necesarias para promover que poidan ser convocadas con cargo ao seu orzamento, previa a asignación de recursos adecuados e autorización da Comunidade Autónoma, a partir do curso académico 2023-2024.

Terceira. Financiamento

O Servizo Galego de Saúde comprométese a promover a participación dos profesionais sanitarios dos centros indicados na cláusula anterior a través dunha axuda cun importe máximo de cento cincuenta e dous mil setecentos catro euros, con oitenta céntimos de euro (152.704,80 €) repartidos en 4 anualidades segundo a seguinte distribución:

- Exercicio 2023 16.967,20 € con cargo á partida orzamentaria 1571.412A,444.0 do orzamento xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.
- Exercicio 2024 50.901,60 € (5.090,16*10 prazas de PACS)
- Exercicio 2025 50.901,60 €. (5.090,16*10 prazas de PACS)
- Exercicio 2026 33.934,40 €.

O devandito importe actualizarase, mediante a subscripción da correspondente addenda, de conformidade co disposto nas sucesivas leis de orzamentos, en función dos incrementos retributivos do persoal da administración que resulten de aplicación.

Os importes correspondentes aos anos 2023 e 2024, financiaranse con cargo á partida orzamentaria dos orzamentos xerais da comunidade autónoma que corresponda, todo elo condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos correspondentes ás ditas anualidades.

O abono destas cantidades levarase a cabo do seguinte xeito: Os importes previstos nas correspondentes anualidades faranse efectivas, nun único ou en varios pagamentos en cada exercicio, no momento de presentar a documentación xustificativa do gasto producido.

Ditas cantidades faranse efectivas na seguinte conta:

Titular da conta: Universidade Santiago de Compostela Entidade bancaria: Abanca (Oficina de Relaciones con Organismos). Rúa Nova 33, 15705 Santiago de Compostela. IBAN (Código de clasificación): ES65 2080 0388 1000 1298.

Cuarta. Gastos subvencionables

En canto aos gastos subvencionables atenderase ao disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan ao obxecto do presente convenio no período de vixencia do mesmo.

Para os efectos do previsto no artigo 46 e seguintes do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a USC presentará, antes do 20 de decembro de cada anualidade, os documentos xustificativos que acrediten expresamente o destino e importe dos gastos efectivamente realizados.

Nos termos recollidos nos artigos 28 a 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a xustificación do cumprimento consistirá na certificación da intervención da USC ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que ten sido concedida.

Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, acreditarase na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades.

Así mesmo, a USC comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. A concesión desta subvención é incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Quinta. Vixencia do convenio

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e finalizará ao rematar o curso académico 2025-2026, todo elo sen prexuízo da posibilidade de que as partes asinantes poidan acordar a súa prórroga para sucesivos cursos académicos, condicionada á existencia das correspondentes dotacións orzamentarias, e por un período máximo de ate catro anos adicionais, de acordo co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta. Comisión de seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas

que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes. Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio. A Comisión reunirase polo menos unha vez por curso académico, sen prexuízo da posible convocatoria de reunións extraordinarias sempre que sexan necesarias para o desenvolvemento das actuacións reflectidas no convenio.

Sétima. Modificación do convenio

As partes asinantes poderán acordar a modificación do presente convenio, coa finalidade de axustalo ao cumprimento do seu obxecto.

En todo caso, calquera modificación estará suxeita á normativa que resulte de aplicación, así como ás disponibilidades orzamentarias.

Oitava. Causas de resolución do convenio

Sen prexuízo das causas de reintegro previstas no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, son causas de resolución do presente convenio:

1. O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas ou das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no Art. 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento.
2. A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. O mutuo acordo das partes asinantes.
4. A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver, sen contar coa previa autorización escrita da Administración sanitaria.

5. A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con dous meses de antelación a data de finalización da vixencia do convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas, e en todo caso a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar, se con isto se alterasen os obxectivos deste convenio, á modificación dos importes das axudas.

Novena. Natureza xurídica

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, o decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño e en canto non se opoña ao establecido na dita Lei, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décima. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio na súa páxina web oficial e no

registro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no registro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente do Servizo Galego de Saúde

O Reitor da Universidade de
Santiago de Compostela

Julio García Comesaña

Antonio López Díaz